

50

50 anos Renovando educando

colexio de educación infantil e primaria

Raquel Camacho

Revista anual
A Coruña xuño 2021

A escola en tempos de
PANDEMIA
A nosa rutina


Ilustramos os seus versos
XELA ARIAS
Fanzine especial no interior

Mira dentro a de cousas que temos para contarte
E MOITO +
Poemas, chistes, pasatempos...

DISPOÑIBLE NA PÁXINA WEB
con máis contidos interactivos



Equipos de
Dinamización
da Lingua Galega



VIVEIRO
2020-21



Licenza Creative Commons
Atribución-Non comercial-Compartir Igual CC BY-NC-SA

Es libre de:


Compartir: copiar e redistribuír el material en calquera medio o formato.
Adaptar: mesturar, transformar e crear a partir do material.

Baixo as condicións seguintes:

Recoñecemento: debe recoñecer adecuadamente a autoría, proporcionar unha ligazón á licenza e indicar se se realizaron cambios.
Non Comercial: non pode utilizar o material para unha finalidade comercial.
Compartir Igual: se mestura, transforma ou crea a partir do material, deberá difundir as súas contribucións baixo a mesma licenza que o orixinal.

ÍMOSCHE CONTAR TODO ISTO

SAÚDO DA DIRECTORA.....	5
A ESCOLA EN TEMPOS DE PANDEMIA.....	7
O día a día na clase.....	8
Recreos en pandemia.....	10
Confinados/as virtuais.....	12
Visita a distancia á sala <i>Nautilus</i>	14
Retos desde a casa.....	16
Visita de Eli Ríos.....	18
Viaxando con Eva Mejuto.....	20
MISCELÁNEA.....	23
O noso paso polo <i>Raquel</i>	24
A eiruga comellona.....	26
Médrannos pelos verdes!.....	28
Curiosidades animais.....	30
Trasnadas en MUS-E.....	34
Voz Natura.....	36
Artistas infantís.....	38
O RAQUEL CAMACHO MÁIS LITERARIO.....	41
Xela Arias ilustrada.....	42
XELA ARIAS FANZINE.....	43
Certamiño poético.....	51
O tesouro de Rosalía de Castro.....	52
Galechisteando.....	54
PASATEMPOS.....	57
Imposible aburrirse!.....	58
QUE LER NO VERÁN?.....	62
En galego.....	62
En castelán.....	63



SAÚDO DA DIRECTORA


Prezados lectores e lectoras:

Que lonxe queda ese mes de setembro de 2020 no que todos e todas volvemos ao noso colexio despois de meses confinados! Que **sentimentos tan encontrados** se produciron nese momento: alegría e ilusión por reencontrarse cos compañeiros, compañeiras e profesorado, medo, incerteza, inseguridade... Non sabíamos o que podía pasar nin como este novo virus se ía comportar. Canta preocupación por todas as medidas de seguridade e hixiene que teríamos que seguir! Pero, unha vez máis, todo o alumnado nos deu unha grande lección. Pequenos **grandes heroes e heroínas** que día a día seguían as normas de maneira espectacular, empregando xeles e máscaras, facendo as filas, desinfectando unha e outra vez mans e materiais, respectando as distancias, deixando de xogar cos compañeiros da outra clase porque non son do mesmo grupo burbulla e non nos podemos achegar.

Canto tivemos que aprender! E... canto tivemos que *desaprender*. Sempre fomentando o traballo en grupo e colaborativo, o compartir, o relacionarnos cos compañeiros doutras clases e outros cursos, o facer as paces cunha aperta de mans ou unha aperta... e agora non podemos facer nada disto. Pero elas e eles déronnos unha **grande lección** adaptándose a todo e cumprindo as normas de maneira exemplar. Ao igual que todas as familias e resto da comunidade educativa, dando cada un o mellor de si, colaborando en todo momento para facer do noso centro un lugar de ensino, aprendizaxe e socialización seguro.

Agora que remata o curso quedamos coa tristura de non poder despedir con unha gran festa a todo **o alumnado que marcha para o instituto** pero, ao igual que eles deixan unha pegada en nós, agardamos que tamén se leven un bo recordo do seu colexio de Primaria, porque o realmente importante é **que sexan felices** e que a súa vida se encha de bos momentos e bos recordos.

E sen lugar a dúbidas un bo recordo deste ano tan difícil é o **compromiso e a colaboración de todos**: familias, alumnado e todo o persoal docente e non docente que conformamos esta marabillosa comunidade educativa. Simplemente GRAZAS. Agardo que gocen de todos os artigos que veñen nas seguintes páxinas e que pasen un bo verán.


Rosa M. Mosteiro Neira

A ESCOLA EN TEMPOS DE PANDEMIA

5º A DE EDUCACIÓN INFANTIL

O día a día na clase

Pois si que cambiou o xeito de acudir á escola. Tiñamos que protexernos nós e

os demais e, para iso, durante a xornada algunhas actividades mudaron.



Ao entrar, había que limpar os zapatos e lavar as mans. O patio de recreo dividiuse porque non podiamos xuntarnos coas outras aulas.





Sentamos na asemblea coa nosa máscara posta e cada un no seu sitio asignado. Mesmo a prensa se fixo eco do noso día a día salientando o ben que nos adaptamos a esta realidade tan diferente. ■

La Voz de Galicia Suscríbete

EDUCACIÓN

«Son los niños los que nos dan lecciones»

Maestros de infantil destacan la generosidad y obediencia de los más pequeños del colegio durante esta pandemia


En el CEIP Raquel Camacho de A Coruña el comportamiento de los niños de infantil ante la pandemia es excelente, reconocen sus profesores. MARCOS MIGUEZ



2º A E 3º B DE EDUCACIÓN PRIMARIA

Recreos en pandemia

Como sabes, este curso foi diferente. Ímosche contar como vivimos os recreos o alumnado na nosa clase.



Este ano no Raquel Camacho e en máis colexios, os recreos foron distintos. Cada curso tiña o seu espazo e sempre estabamos coa máscara posta.

Non se podían tocar as cousas dos e das demais.

Os recreos foron un chisco complicados: non podiamos es-

tar cos e coas de 2º B e puxeron conos para separarnos.


Tiñamos que apañarnos sen balóns, aros... pero podiamos xogar a *Pomba branca*, *pomba negra*, *Pilla-pilla*, etc. Xogabamos case todos xuntos e xuntas.

Non podiamos darnos apertas nin nada diso, pero estivemos moi ben.





Os días de choiva tamén foron diferentes. Tiñamos que quedar na clase e non podíamos compartir nada. Xogábase coa plastilina (cada un a súa), facíamos un debuxo ou liamos.



Tiñamos que ter moita coidado cos síntomas como febre, tos e sentirse mal. Nos recreos e sempre "Temo que coidarnos moito"

4º B DE EDUCACIÓN PRIMARIA

Confinados/as virtuais

Velaí a nosa experiencia ao estarmos traballando na Aula Virtual do colexio e

En xeral, a experiencia foi boa, dadas as circunstancias.

—Gustoume porque puiden falar e estar en contacto cos meus compañeiros —dicían Alba, Antón, Dora e Óscar.

En xeral, case todos e todas contaban que unha das cousas que máis satisfacción lles causaba era *poder ver aos seus compañeiros e compañeiras sen a ditosa máscara posta*.

—Encantoume poder verlles as caras a todos, sen ter que telas sempre tapadas —dicían Claudia, Bruno, Lucía e Martín.

Pero non foi todo tan doado:

—Íasenos a conexión de internet e non escoitabamos. Foi un pouco de sastre e un aburrimiento —así o viviu Manar e tamén Luís, Ainhoa, Juan, Demba, Izan ou Cristobal.

con Webex, confinados e confinadas pola COVID. De todo se aprende...

O problema do son era moi frecuente, debido aos medios dos que se dispoñía.

Para moitos o traballo a través da Aula Virtual do centro resultoulles un pouco *raro*, afirmaba Claudia. Aínda que máis sinxelo que o presencial.

—O traballo para min foi doado, apenas tiveron problemas —opinaron Oriannys, Óliver ou Martín.

O punto no que todos e todas coincidiron foi no aburrido que era non poder saír da casa en todo o día mentres o resto do mundo si podía.

—Pareceume moi aburrido estar na casa facendo o traballo sen poder ir á escola —afirmaban Nerea e case tódolos demais compañeiros e compañeiras dela.



Este era o botón da nosa web para acceder directamente a AV das clases de 4º.





Para algúns a maior dificultade estaba en ter que cambiar dunha sala persoal dun mestre a a outro.

—Era complicado ter que estar entrando e saíndo da conexión co resto da clase —explicaban Raby e Paolo.

Por outra banda, para o titor e o resto do profesorado implicado

foi unha experiencia diferente e un pouco frustrante ás veces.

—Faise moi complicado ter unha relación normal mestre-alumno a través dunha pantalla durante cinco horas ao día —comentaban.

En calquera caso, o máis importante é non deixar de aprender. ■



1º A DE EDUCACIÓN PRIMARIA

Visita a distancia á sala *Nautilus*

O venres, 30 de abril ás 12:35, conectámonos co Aquarium Finisterrae mediante *Google Meet* na bi-

blioteca do colexio e visitamos virtualmente a sala *Nautilus*.




Neste curso tan atípico e complicado botamos en falta as saídas e excursións. Por iso, os nenos e nenas de 1º A visitamos virtualmente a sala *Nautilus* do Aquarium. Aínda que, antes desa actividade, fixemos un proxecto pequeniño sobre o mar.

Un monitor ensinounos os animalíños que se atopan nela: as súas características, unha morea de curiosidades... e, sobre todo, o que máis esperabamos, a estrela desta sala: o tiburón Gastón. Foi emocionante e xenial! Canto aprendemos! Que ben o pasamos!





Aquí tedes algunhas obras de arte de 1º A. Que chulas! ■



5º B DE EDUCACIÓN INFANTIL

Retos desde a casa

Ante a incerteza de termos que confinar ou non, o profesorado de Infantil, que é moi previsor, propuxo un reto trimestral para que as

familias participasen desde os seus domicilios. E que ben o pasamos os rapaces e rapazas na casa facéndoos coa familia!



Foi moi divertido gravar o vídeo cantando e bailando a canción de *Corre corre, caba-ciña* ([podes velo na canle de YouTube do cole](#)). Xa sabes que somos uns bailaríns de coidado!

Tamén nos encantou emular A *horta de Simón* e plantar en macetas algunhas sementes. Nace ron lentellas, fabas, herba...

Pero a reto que máis nos gustou foi o de *Cocorico*.





Coñeces a Cocorico, verdade?
E á súa mamá? E a Gato Pelado? Todos eles queren comer o biscoito porque *picotí, picotá, ai que rico, rico está*. Pero, ao fi-

nal, *picotí, picotá, medio para Cocorico e medio para mamá*.

E Gato Pelado nin o probou e marchou da casa disparado, cun dente roto e un ollo morado. ■





Gústache o resultado?

Finalmente chega o día tan esperado! Eli cóntanos historias e enche a nosa imaxinación de personaxes fantásticos.

Ben certo é que quedamos con ganas de máis, pero ti podes saber máis no [Rakonto](#). ■



Eli Ríos na nosa aula.

Viaxando con Eva Mejuto

Durante este curso tan atípico botamos moito de menos moitas cousas da nosa antiga normalidade e

unha delas foron as excursións. Por iso, decidimos viaxar por Galicia dunha maneira un pouco diferente.



Xa sabemos que unha forma increíble de viaxar é a través dos libros, así que en 1º B atopamos a solución perfecta para as vi-

axes durante a pandemia: móvemonos por Galicia grazas ao libro *Dez gatiñas viaxeiras* de Eva Mejuto.





Visitamos virtualmente as cidades que percorren estas 10 gatiñas aventureiras, vimos diferentes paisaxes e aprendemos unha chea de curiosidades sobre estes lugares tan especiais.

Ademais tivemos a sorte de contar coa visita da autora do libro, á que lle regalamos un traballíño que fixeramos entre todos e todas: o mapa co percorrido das gatiñas viaxeiras.

Que ilusión nos fixo! ■

MISCELÁNEA

6º DE EDUCACIÓN PRIMARIA

O noso paso polo Raquel

Vaia salto imos dar! Nada máis nin nada menos que cambiar de etapa e de centro. A vida vai nos mudar e xa non seremos os mesmos

Nove anos
bonitiños,
estou aquí
desde pequeniño.

Moitas cousas
no cole aprendín
e **con gran orgullo, direi:**
Eu estudei aquí!

Milkias, 6º B

e as mesmas. Ao igual que non o eramos cando chegamos ao Raquel Camacho. Con estas verbas sentidas recordámolo.

O meu paso
polo CEIP Raquel Camacho
dudou nove anos
e non foi moi desgraciado.
Coñecín a compañeiros
e **polo colexio amigos teño.**
A algúns coñecinos en Infantil,
mentres que outros tardaron
máis en vir.

Felicidade e tristeza,
aburrimiento e pereza.

Moitas cousas sentín
neste cole desde Infantil.

Uxía, 6º B





Hai sete anos cheguei a este colexio. Semellaba que viña doutro planeta. Viña de China e non coñecía nada da cultura nin o idioma deste país. Pasei uns días chorando, pero recordo que **nun abrir e cerrar de ollos pasei a ser a nena máis feliz do mundo.**

De todos os meus profesores aprendín moito, moito máis do que aparece nos libros. Tamén do equipo de comedor, dos monitores de actividades e por suposto dos meus compañeiros.

Só se me ocorre dar as grazas a todos e sei que **esta etapa deixará en min unha pegada imborrable para sempre.**

Lucía, 6º A

Estiven no Raquel Camacho dende os tres anos e tiven moitos profesores e profesoras, e moi boas. O meu paso por este colexio foi moi divertido, vivín experiencias moi boas e apren-

dín moitas cousas. Agora estou **triste e contenta ao mesmo tempo.** Triste porque marcho e contenta porque empezo unha nova etapa supoño que difícil, pero seguro que apaixonante.

Mariama, 6º A

Despois de nove anos tócanos despedirnos do cole. Levo **moi bos recordos** deste lugar, porque a verdade non pasei malos momentos e fixen moi bos amigos. Así que por un lado estou triste, porque vou botar de menos algunhas persoas, pero tamén me fai ilusión facer novas amizades.

Aldara, 6º A

Grazas por aguantarme nove anos neste colexio porque sei que as veces porteime ben e outras... regular.

Grazas por aguantar os meus malos comportamentos, meus berrinches, o meu carácter, etc.

Aby, 6º A

ALIMENTACIÓN SAUDABLE: 4º A DE EDUCACIÓN INFANTIL



A eiruga comellona

En Educación Infantil coñecemos o conto, xoga-

mos con el e, por suposto, cociñamos!



A pequena eiruga tiña moita fame, tanta coma os nosos rapaces e rapazas.

Por iso, durante o curso, alimentámonos moi ben: merendamos froitas variadas que nos tra-

en ao cole, fixemos ricos batidos e tamén receitas.

Unha delas consistía en elaborar a **gran macedonia** con todos os ingredientes que aparecen no conto.





Que non sabes como se fai unha macedonia? Estás de broma? Pois, nada, non te preocupes. Aquí che incluimos a receita. Anota, anota! ■

LARANXAS

PERA

MAZA

ANONOS

AMEIXAS

4º B DE EDUCACIÓN INFANTIL

Médranos pelos verdes!

Moitos son os cambios que ao longo deste curso tiveron os nenos/as de 3 anos. Un dos máis orixinais

Chegou a primavera á nosa aula e, con ela, comezamos a observar moitos cambios. Un deles (Oh, sorpresa!) foi o noso pelo!

Non te asustes, que só probamos a mudar a cor dunha forma moi especial.

produciuse na cor do noso pelo. Que como o conseguimos? A explicación non che vai deixar indiferente.

QUE PRECISAMOS?

1. Un recipiente.
2. Terra.
3. Sementes de céspede.
4. Auga.
5. Unha foto recortándolle o pelo.



O que primeiro fixemos foi pegar a nosa foto no recipiente que empregamos; a continuación, enchémolo pola metade de



terra coa axuda dunha pa. Despois botamos as sementes e regamos.



Ao cabo dunha semana, xa observamos como daquelas sementes medraron uns pelos verdes moi divertidos! Démonos conta de que eses pelos estaban moi longos, así que, coa

axuda das tesoiras, cortámolos ao noso gusto!

Foi moi divertido e gustounos moito. Agora toca seguir coidando os nosos pelos na casa! ■




3º A E 2º B DE EDUCACIÓN PRIMARIA

Curiosidades animais

O mundo animal nunca deixa de sorprendernos coas súas peculiaridades. Existen animais con capacidades in-sólitas que seguramente non sabías. Ou si?

A lingua dunha balea azul pesa máis ca un elefante.

Un caracol ten 25.000 dentes.



Un rato aguanta máis sen beber ca un camelo.



Os elefantes non poden saltar.


A cor das manchas dunha xirafa indican a súa idade.



O gociño dun gato é único.
Non hai dous sexan
que sexan narices
idénticos. gatunos



Os galpiños poden
dormir
coa metade da cerebra
esperto.



SABÍAS QUE...


- O embarazo das **quenllas** dura 4 anos. Os seus bebés son os máis feitiños!
- As **tartarugas** de Galápagos poden durmir 16 horas ao día e sobrevivir un ano sen comida e auga. En verdade son durmiñonas e aforradoras!
- As **tartarugas** mariñas nunca coñecen as súas mams. Onde se meterán? A ver se son invisibles!
- O organismo do **oso preguiceiro** deixa de funcionar ás dúas semanas de morrer. Case inmortal!
- Os **osos polares** son capaces de saltar ata 1,80 metros de altura e correr a 40 km/hora. Poden chegar ata onde o vento dá a volta!
- Cando un **pingüín** ou un **cabaliño de mar** atopan parella, permanecen xuntos toda a vida . Todo un exemplo de fidelidade.
- Os **corvos** xamais esquecen unha cara. Téñennos fichados/as!
- As **vacas** teñen as mellores amigas e estréanse cando as separan delas. Son as máis sentidas!
- Os **cans** moven a súa cola cara á dereita cando están contentos e cara á esquerda cando están tristes. A súa cola é o indicador de como sente.
- A posición dos ollos do **burro** permítelle ver as 4 patas. Un fenómeno!
- As **medusas** non teñen corazón. Non poden querer!
- Os **ourizos** ven todo de cor amarela. Un chisco monótono!
- O **oso formigueiro** come ata 35.000 formigas ao día. Coidado! Existe perigo de explosión!
- A **libélula** vive só un día. Vive a lume de biqueira!
- Os **flamencos** pasan entre o 15 e o 30% do día acicalándose. Sempre divinos! ■

6º A DE EDUCACIÓN PRIMARIA

Trasnadas en MUS-E

Este curso nas sesións MUS-E aprendemos a facer unhas fotos moi peculiares

que, de seguro, che van gustar.



Xa estamos en 6º e, como somos os e as maiores e imos deixar o cole, quixemos facer unhas *gamberradas* antes de marcharmos. Pero, tranquilos, que as trasgadas son só en fotos.

QUE TIPO DE FOTOS FIXEMOS?

Trátase de xogar coa perspectiva e coa visión das persoas a través das imaxes.

Simplemente coas cousas que hai o teu arredor podes facer composicións moi orixinais.





A que parece que nos deitamos sobre os libros, que os poñemos na punta do pé ou que collemos nenos e nenas cunha man?

Agora, téntao ti. Seguro que pasarás momentos moi divertidos. ■



Á chegada da primavera chegou tamén o ansiado momento da sementeira. Coa metade do cole en obras tivemos que buscar un lugar apropiado para a creación do noso pequeno horto, así que a **terraza** que hai diante da biblioteca comezou a encherse de novas **macetas para as nosas plantacións** (pensamos que a Herculino non lle molestou esta idea).

Despois de preparar a terra con abono orgánico, procuramos algúns **consellos para agrupar os nosos cultivos**: tomates, diferentes variedades de leitugas, acelgas, espinacas, col rizada, cebolas, pementos de Padrón, brócoli, cabazas, cenourias... Tamén **plantamos aromáticas e medicinais**: perexil, macela, ourego, tomiño, romeu, alfábega, menta... E algunhas plantas con flor que seica resultan beneficiosas nos hortos: margaridas, verbena, taguetes, caléndula e xirasois.

Outra cousa, reparaches en que reciclando e reutilizando material de refugallo podes fabricar un montón de cousas para traballar no horto? Nós **fabricamos compost** cos restos das merendas con froita. Démoslle unha **segunda vida** ás caixas de zapatos, aos vasos de iogur e da máquina do café, aos cartóns de ovos, aos *bricks* do leite... como sementeiros. Tamén conseguimos ter máis regadeiras aproveitando botellas de auga e envases do deterxente. E elaboramos uns fermosos carteis para identificar o que plantamos a partir de caixas da froita.

E para rematar, xa sabedes o dito: *Quen sementa, recolle*. Pois si, xa chegou o tempo das **primeiras colleitas** no noso pequeno horto.


Grazas a todas e todos os que participastes nas actividades! ■

6º A DE EDUCACIÓN INFANTIL

Artistas infantís

A xentiña de Infantil somos uns artistas. Iso ti xa o sabes. Pero aquí ímoscho

demostrar contándoche algo dun proxecto que levamos a cabo.




Castelo de La Mota

Agora xa sabemos o que é a arquitectura, a escultura e a pintura.



A dama de Elxe





O acueduto de Segovia.

Aínda que parecemos pequenos e pequenas, somos quen de identificar distintos tipos de obras arquitectónicas, coñecer

características sinxelas delas e mesmo podemos distinguir estilos como o Gótico ou o Románico.

CATEDRAL DE BURGOS



- Arquitectura.
- Siglo XIII.
- Estilo gótico.
- Tamaño: grande.
- Altura: mucha.
- Material: piedra.
- Tiene muchas ventanas.
- Dentro hay muchas.
- Decorada con esculturas.
- Rosetón con vidrieras de colores.



Escriba sentado.


En escultura, viaxamos a Exipto, Grecia, Roma e á Península Ibérica.

Cando vemos unha escultura, fixámonos no material; se representa algo estático ou en move-

mento; a súa anatomía; se expresa sentimentos...

Non o poñas nunca en dúbida, sempre compensa: apúntate a gozar da arte! ■

EL DISCÓBOLO



- Escultura.
- Autor: Mirón
- Siglo V a. C.
- Material: mármol
- Arte griego
- Es un atleta
- con un disco
- Está en
- movimiento

O RAQUEL CAMACHO MÁIS LITERARIO

LETRAS GALEGAS 2021

Xela Arias ilustrada

A Real Academia Galega elixiuna para celebración do Día das Letras Galegas de 2021 e nós quixemos

Un **fanzine** é unha publicación afeccionada, xeralmente realizada de forma colectiva sobre un tema especializado, sen unha periodicidade estable e sen ánimo de lucro.

No colexio temos varias publicacións sen ánimo de lucro nas que queremos publicar poemas


aprender dela memorizando os seus poemas e logo debuxando o que ela trataba de transmitir neles.

ilustrados de Xela Arias. Cada ciclo tivo que ilustrar algún dos seus versos e os debuxos gañadores amosámoslos a continuación neste *fanzine*. Ademais, tamén se inclúen dúas maravillosas colaxes elaboradas por un neno e unha nena de **5º B de E. Primaria**.



Xeiras XEILA

ilustrada



Arrúpote arrequecido no meu colo:
sómo-lo globo terráqueo pousado nos raios do sol,
teu pai.



Tódolos bebés son tú e ningún coma ti.
Tódolos nenos son tú e ningún coma ti.
Tódolos adolescentes son tú e ningún coma ti.
Tódolos mozos son tú e ningún coma ti.
Tódolos anciáns son tú e ningún coma ti.
Tódalas nais son eu e todas, coma min, saben que es único.



Darío a diario

arias
XELA

Dis ma-ma-ma
e consegues oitos pasos seguidos sen axuda
cara a nós. ¿Vesme?

Son a nai que te pariu e coida
face-lo necesario porque avances.

Aléxate
nesto
fideo



A pita choca, o paxariño malferido,
o caracol e os seus cornos ó sol.
O dedo groso a come-lo ovo
ti sinalando en min o ollo de mamá.



Darío a diario

arias
XELA

Imos, meu ben, camiñar sereno
pola cidade sen ramplas nas aceras. Imos
comeza-lo xeito da túa vida, e mírame,
mesmo as bolsas dos meus ollos serán monecos
dos teus días xunta min.





A túa ollada incendiaria anima tartarugas plásticas,
camións de engano.
Con pernas magras percorres metros de corredor.
Que con cabeza e corazón limpo dirixas, meu ben,
a orquestra da túa vida.

Darío a diario

arias
XELA

Vencerse é cousa de se
tratar.



CEIP Raquel Camacho

50

6º B E 5º B DE EDUCACIÓN PRIMARIA

Certamiño poético

Ler a Xela Arias inspirou-
nos para xogar coas pala-

bra, facelas voar e crear es-
tes versos.

Oda a Xela

Xela Arias, escritora,
rebelde e loitadora,
muller soñadora e traballadora,
e do galego defensora.

Escrebiu varios poemarios,
entre eles “Darío a diario”,
que está adicado ao fillo adorado.
Sobre a maternidade falou,
aquí, acerca da súa experiencia
a verdadeira realidade contou.

Sendo tradutora
achegou grandes historias
para nenos, para maiores,
de grandes autores.

Xela Arias, muller,
soñadora e traballadora,
e do galego defensora.

6º B

Tamén escribiu
“Tigres coma cabalos”,
onde misturou
fotos con poemarios,
e foi moi revolucionario.



6º B DE EDUCACIÓN INFANTIL

O tesouro de Rosalía de Castro

Sabes de sobra que o 24 de febreiro celebramos no colexio o Día de Rosalía e a rapazada de 5 anos, ade-

mais de todas as actividades que realizamos, pasárono xenial cunha que che vai encantar.



Xuntámonos por equipos, repasamos conceptos básicos e achegámonos un pouco máis a

figura de Rosalía realizando unha busca do tesouro. Queres saber como?





Para conseguir as diferentes pistas, tivemos que superar distintos retos relacionados coa pensamento lóxico-matemático. Había que conseguir as pezas

dun quebracabezas que nos daban pistas de onde se agochaba o tesouro.

Neste caso, estaba custodiado por Rosalía. ■



5º B DE EDUCACIÓN PRIMARIA

Galechisteando

Hai que dicilo así: o alumnado de 5º somos uns xenios do humor. Que non

Estaban dous veciños da Coruña mirando ao ceo e discutindo:


—Dígoche que aquilo é o sol.

—Que non!, que é a lúa.

Nisto que pasaba unha persoa, parárona e preguntáronlle:

—Desculpe, estamos aquí discutindo se aquilo é o sol ou a lúa, vostede que di?

—Síntollo moito, pero non son de aquí.



—Mamá, mamá, picoume unha serpe.

—Cobra, fillo?

—Non mamá, gratis.

nos cres? Bótalle un ollo a esta sección. Un luxo para escachar coa risa!

—Nivel de ortografía?

—Altísimo.

—Dime dúas palabras con *tilde*.

—Matilde e Cleotilde.



—Onte escíbese con h?

—Non.

—E hoxe?

—Hoxe si.

—É increíble canto cambian as cousas dun día para outro!



—Aquí é a reunión das persoas impuntuais?

—Foi onte.

—Ah...

—Pero acabamos de chegar todos. Pase.



O mestre: Porque tes as mesmas respostas que o teu compañeiro no exame?

Alumno: Porque son as mesmas preguntas.



Que lle di unha barra de pan a outra?

—Preséntoche “unha *miga*”.



Cal é o colmo dun xardineiro?

Que a deixen o fillo plantado.



—Que lle di un feixe de nabos a outro?

—Estamos apañados.

Que lle di unha árbore a outra?

—Que pasa, tronco?




Que lle di unha pedra a outra?

—A vida é moi dura.



Por que Bob Esponxa non vai ao ximnasio?

Porque está cadrado.



PASATEMPOS

VEÑA, A VER SE ES QUEN DE RESOLVELOS!

Imposible aburrirse!

Sopas de letras

Atopa 12 produtos da horta. Si, si, eses que che ensina cultivar a profe María.

Nivel
MEDIO

ALLO, CABAZA
CEBOLA, CEBOLO
CENORIA
CHÍCHARO
FABA
LEITUGA
PATACA
PEMENTO
PIRIXEL
REPOLO

C	E	B	O	L	A	S	D	P	Ñ
E	D	F	G	E	H	C	M	A	L
N	P	I	R	I	X	E	L	T	C
O	Ñ	L	R	T	F	B	G	A	H
R	H	F	E	U	S	O	F	C	Í
I	S	N	P	G	B	L	A	A	C
A	L	L	O	A	Ñ	O	B	D	H
G	F	X	L	C	A	B	A	Z	A
Ñ	H	M	O	W	D	G	S	F	R
P	E	M	E	N	T	O	L	D	O

Vas ir dar unha voltiña por aí no verán? Hai uns sitios fermosísimos que podes visitar: os cabos. Busca 12.

C	A	R	R	E	I	R	O	Z	V
B	Q	X	O	R	T	E	G	A	L
A	C	V	N	Z	P	R	I	O	R
R	O	N	C	U	D	O	Z	B	X
E	C	N	A	R	I	G	A	E	T
S	Q	E	D	Z	C	X	C	R	Í
U	V	T	O	U	R	I	Ñ	Á	N
U	D	V	I	L	Á	N	C	Q	S
C	O	R	R	U	B	E	D	O	U
Z	B	X	A	Q	R	C	E	V	A


Nivel
DIFÍCIL

BARES, CARREIRO
CORRUBEDO, VILÁN
ÍNSUA, NARIGA
ORTEGAL, PRIOR
RONCADOIRA
RONCUDO
TOURIÑAN, UDRA

2

AS MIÑAS PALABRAS

Letras Galegas 2021



Sopa de letras

Busca 7 palabras relacionadas coa miña vida e os meus libros. Se queres pistas, mira na guía.

Xeroglífico

Este si que é difícil. Se cadra dos máis *chungos* que che propuxemos no *Viveiro*. Hai un poeta galego agochado nestas enigmáticas palabras. A ver se descubres quen é sen ler a pista de embaixo.

Educar -c nota musical

Lixo ene regala 50 en romanos

PISTA: a letra do himno galego escribiuna el.


As 7 diferenzas

Velaí as imaxes do logo de Xela Arias do noso colexio. Atopa nelas as sete diferenzas:



Mandala

Xela dedicoulle un libro enteiro ao seu bebé e ti agora vaste relaxar un chisco con este debuxo que che propoñemos pensando en Darío (en cando era pequeno, moi pequeno, claro).



Mensaxe oculta

Cambia cada número pola letra correspondente na orde do abecedario. Olo, no alfabeto galego, non no castelán (que sabes que ten máis letras). Un título dun libro de Xela Arias.

9/12/19/5/9/15/5/17/9/14/11/5

RECOMENDACIÓNS LECTORAS


QUE LER NO VERÁN?

No verán hai tempo para todo e unha cousa divertida que podes facer é coller un

libro, buscar unha boa sombra e sentar a gozar da lectura. Planazo!

En galego


Educación Infantil



CROCODILO NAMORADO de Daniela Kulot. Aquí comezou a historia que todos e todas coñecemos nas secuelas.

+ INFO: [Kalandraka Editora](#)

1º e 2º de E. Primaria



A BANDA DE RAIMUNDA de Pablo Nogueira. A ra ten a ilusión de formar un grupo de rock.

+ INFO: [Bahía Edicións](#)

3º e 4º de E. Primaria



OS MINIMORTOS de Leticia Costas. Os Minimortos terán que dar co xeito de liberar a Petunio da planta carnívora.

+ INFO: [Edicións Xerais](#)

5º e 6º de E. Primaria



CONTA NOVE ESTRELAS de Andrea Maceiras. Uns pequenos e peludos ameazan Oma

+ INFO: [Edicións Xerais](#)

En castelán


Educación Infantil



RUIDO BLANCO de David A. Carter. De que cor é o son das ás en movemento dun paxaro pequeno?

+ INFO: [Urdimbre Ediciones](#)


1º e 2º de E. Primaria



BA de Dani Padrón. O neno non fala, nin falta que fai. Sabe como divertirse.

+ INFO: [Editorial Bululú](#)

3º e 4º de E. Primaria



EVIE, LA AMIGA DE LOS ANIMALES de Emily Gravett y Matt Haig. Unha nena que pode falar con animais.


+ INFO: [Destino Infantil & Juvenil](#)

5º e 6º de E. Primaria



A CLEMENTINA LE ENCANTA EL ROJO de Krystyna Boglar. Misteriosa Clementina...

+ INFO: [Siruela](#)



Imaxe: Arasaac.



**XUNTA
DE GALICIA**

OFERTA EDUCATIVA

educación infantil

educación primaria

Colexio de Educación Infantil e Primaria

**Raquel
Camacho**

www.edu.xunta.gal/centros/ceipraquelcamacho

QUE ESCOLA SOMOS?

innovadora

familiar

integradora

respectuosa

potenciadora



SERVIZOS

comedor

madrugadores/as

actividades extraescolares

patinaxe
capoeira
pintura
danza jazz
guitarra
esgrima
wushu (kung-fu)
teatro
inglés...



EDIXGAL



NATURA



Equipos de
Dinamización
da Lingua Galega